

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DO BARCO

(Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 71, do 27 de marzo de 2001)

CONCELLOS

O BARCO DE VALDEORRAS

ANUNCIO

Unha vez aprobado definitivamente, ó non presentaren reclamacións no período de exposición pública, o "**Regulamento do servizo de axuda no fogar**", publícase o texto íntegro, de conformidade co disposto no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

O Barco de Valdeorras, 15 de marzo de 2001.- O alcalde.

Modificación da ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello do Barco de Valdeorras.

Introdución:

De conformidade coas competencias que en materia de prestación de servizos sociais teñen atribuídas as corporacións locais, de acordo co artigo 25.2k. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e conforme ó establecido na Lei galega de servizos sociais 4/1993, do 14 de abril, no Decreto 240/1995, do 25 de xullo (polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria), e na Orde do 22 de xullo de 1996, establécese a necesidade por parte do Concello de regular, mediante normativa municipal axeitada, o servizo de axuda no fogar.

O presente regulamento ten por finalidade:

1.- A regulación do dito servizo, establecendo normas e criterios, que respondendo a principios equitativos e de xustiza social, rexerán as modalidades de prestación deste así como as súas características, relacións entre Concello e usuarios, situacións, dereitos e obrigas respectivas.

Capítulo I

Disposicións xerais:

Artigo 1.- Definición

O servizo de axuda no fogar (en diante SAF) defínese como unha prestación básica do sistema público de servizos sociais que presta un conxunto de atencións, dende unha perspectiva integral e normalizadora a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador a individuos e familias no seu fogar cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, por motivos de índole psíquica, física ou social para realizaren as tarefas esenciais da vida cotiá manténdoo no seu fogar e integradas no seu medio natural, mellorando a súa calidade de vida.

O servizo terá carácter complementario e transitorio, non eximindo ás familias das súas responsabilidades.

Artigo 2.- Obxectivos

1.- O obxectivo xeral do servizo de que se trata é prestar unha serie de atencións ou coidados ós cidadáns no seu domicilio naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal física, psíquica e/ou social ou en situacións de desintegración familiar, para proporcionarlle-la posibilidade de continuar no seu medio natural mentres sexa posible e conveniente.

2.- Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Previr situacións de crise, persoais e familiares, prestando unha serie de atencións de carácter persoal, psicosocial, educativo, doméstico, técnico e social a aquelas persoas que se atopan nunha situación de especial necesidade.

- Favorece-la permanencia das persoas no seu medio habitual, sen que diminúa a súa calidade de vida por problemas de saúde, incapacidade, inadaptación social ou outros.

- Evita-los internamentos non desexados ou innecesarios.

- Integra-las persoas e/ou familias na vida comunitaria estimulando e motivando o desenvolvemento pleno dos seus intereses e capacidades e evitando o desarraigo, illamento e a marxinação.

- Axudar á familia a asumi-las súas responsabilidades respecto á atención dos seus membros, así como fomentar actitudes que favorezan a súa reestruturación familiar.

- Reforza-los vínculos existentes ou fomentar novos vínculos do usuario coa familia, veciños e contorno.

- Implicar ós propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal e/ou familiar.

Artigo 3.- Prestacións

1º.- O SAF debe ofrecerlles unha atención integral e polivalente ós usuarios, que abarquen diferentes necesidades do individuo, apoiando e estimulando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida. Tódalas intervencións que se fagan neste ámbito terán un carácter preventivo, educativo e rehabilitador.

As diversas atencións contidas nesta prestación básica deben ser concretadas e adaptadas a cada caso, e poden ser agrupadas en catro grandes áreas:

A) Atencións de carácter persoal: engloba as actividades que se dirixen á propia persoa dos usuarios do servizo cando este non poida realiza-los por si mesmo ou cando precise:

- apoio para a mobilización dentro do fogar,

- axuda para o aseo e hixiene persoal,

- axuda para comer,
- supervisión da medicación simple prescrita polo médico,
- compañía,
- favorece-las actividades de ocio no fogar,
- outras atencións de carácter persoal non recoñecidas en apartados anteriores, que poidan ser incluídas a xuízo do técnico responsable do servizo.

B) Atencións de carácter doméstico: entendemos por tales aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma cotiá no fogar e referidas a:

- alimentación (compra e preparación de alimentos no fogar),
- roupa (comprenderá funcións de lavado, pasado de ferro...),
- limpeza básica no fogar.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu contorno comunitario.

Para a realización destas actuacións os usuarios deberán dispoñer ou proveerse dos medios necesarios. No seu lugar os servizos sociais competentes poderán xestionar os recursos axeitados para que as ditas atencións poidan ser realizadas convenientemente.

C) Atencións de carácter psicosocial e educativo: destinadas a prestar axudas ós usuarios de cara a estimular a súa autonomía e independencia, de forma que as causas que determinaron a intervención diminúan paulatinamente, sempre e cando sexa posible.

Comprenderán:

- axuda e apoio na administración da economía doméstica,
- reeducación de hábitos alimentarios,
- reeducación de hábitos de hixiene e autocoidado,
- apoio á escolarización infantil,
- apoio á socialización,
- apoio ás relacións intrafamiliares,
- outras: todas aquelas actividades xerais que axuden á reeducación de hábitos que fomenten a autonomía persoal e familiar dos usuarios.

D) Atencións de carácter técnico e complementario: refírese a xestións ou actuacións que poidan ser necesarias, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúe en

condicións axeitadas, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencia, tales como teleasistencia domiciliaria e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

Capítulo II

Dos beneficiarios do servizo.

Artigo 4.-Beneficiarios

O SAF está dirixido a toda a poboación, pero terá como obxectivo prioritario de atención aqueles cidadáns que polas súas limitacións físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, e que precisen algunhas das atencións propias do servizo, sempre e cando este sexa o recurso apropiado segundo a valoración dos profesionais dos servizos sociais do Concello.

Non obstante, os usuarios interesados en obter o acceso á prestación do servizo quedarán condicionados polo número de auxiliares encargadas da súa prestación que poidan levar a cabo a atención de tales beneficiarios, conforme ó proxecto previsto para cada un deles.

Poderán ser potenciais usuarios ou destinatarios do SAF:

- Persoas maiores, cun certo nivel de dependencia que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas con minusvalía, incapacitadas, afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos, que precisen axuda e que a axuda a domicilio poida favorecer a súa autonomía.
- Persoas en xeral que pola súa situación de enfermidade ou falta de recursos sociais teñan dificultade para desenvolverse por si mesmos.
- Familias que atravesen situacións de crise que poida requirir apoio na realización das súas actividades habituais (persoas con cargas familiares non compartidas, desestruturación familiar, conflitos relacionais, inadaptación de persoas desinstitucionalizadas ...).
- colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social.

Artigo 5.- Requisitos dos beneficiarios.

- 1.- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello.
- 2.- Non percibir axuda doutra institución ou entidade para a mesma finalidade.
- 3.- Non ter familiares con obriga de prestar alimentos e cuidados ou, se existen estes:
 - Residan fóra do Concello.
 - Estean imposibilitados para facerse cargo das necesidades ou problemas dos beneficiarios tanto a nivel económico como persoal.

- Se neguen a facelo.

4.- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal, que precise doutro tipo de atención especializada ou internamento nun centro ou institución axeitado.

5.- Reunir algunhas das condicións persoais, sociais ou económicas recollidas nos baremos deste regulamento.

6.- En todo caso, que as persoas ou unidades familiares non perciban ingresos en contía superior ós límites que se establezan (baremos económicos).

Capítulo III: Do procedemento para a prestación do servizo ós usuarios.

Artigo 6.- Solicitudes e documentación.

O servizo de axuda no fogar será prestado polo Concello do Barco de Valdeorras, ben de oficio ou a instancia de parte.

1. De oficio: o Concello iniciará de oficio o expediente de prestación do servizo nos casos de carácter urxente, de grave perigo para a vida do usuario, altas hospitalarias ou ausencias temporais de persoas con familiares ó seu cargo, ou situacións similares nas que se demostre a necesidade urxente do servizo, e sempre en función da dispoñibilidade deste.

2. Por instancia de parte: as solicitudes da prestación do servizo deberanse formular nos modelos que figuran no anexo I deste regulamento ós que, debidamente cubertos se xuntará a seguinte documentación:

- Fotocopias do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia do solicitante, ou se fose o caso, da persoa que o represente, así como dos membros da unidade familiar.

- Fotocopia do libro de familia.

- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social/tarxeta sanitaria.

- Certificado de empadramento e convivencia (solicitarano de oficio os servizos sociais).

- Informes médicos do beneficiario e familiares que precisen xustificá-las súas limitacións (segundo modelo que se facilitará no Concello). Anexo II.

- Xustificante de ingresos de toda a unidade de convivencia:

* Fotocopia da declaración de renda e patrimonio ou certificado negativo de facenda así como declaración xurada de ingresos.

* Certificado de pensións.

* Xustificantes de rendas de traballo, prestacións ... (nóminas, INEM, INSS ou certificacións negativas).

* Tarxeta de demanda de emprego.

* Certificacións de xuros bancarios.

* Recibo de contribucións.

* Certificación, información dos servizos municipais sobre padróns (urbano, rústico, de vehículos, actividades económicas). Solicitarano de oficio os servizos sociais.

* Declaración sobre percepción de alugueiros ou outros ingresos complementarios.

* Recibos de pagamento de aluguer e outros gastos fixos (amortización de préstamos...).

- Calquera outra documentación que o responsable do servizo considere necesario para a valoración da solicitude e teña relación cos aspectos que deban valorar.

Artigo 7.- Procedemento.

As solicitudes formalizaranse por escrito a través dunha instancia dirixida ó Sr. alcalde da Corporación municipal, entregando a documentación sinalada no artigo anterior.

Unha vez formalizada a solicitude e presentada a documentación pertinente no Rexistro municipal os técnicos responsables procederán á comprobación dos datos proporcionados e á avaliación de solicitudes (segundo os baremos establecidos) emitíndose un informe coa proposta de resolución, que se enviará á alcaldía ou órgano ou persoa en quen delegue, para que dite resolución na que desestime a solicitude ou conceda a prestación do servizo para o exercicio en curso ou período inferior que se solicitara, a dita resolución será comunicada ó interesado.

A prestación do servizo queda condicionada á aceptación por parte do beneficiario, que se formalizará por escrito nun "contrato interno" (anexo III), no que se especificará o respecto ás normas do servizo, tarefas que se van a realizar, horarios, días e achegas económicas correspondentes. O dito contrato será revisado cada seis meses por se fose necesario realizar algunha modificación.

Así mesmo firmará o impreso de domiciliación bancaria para que lle sexa efectuado o cobro do servizo prestado (anexo IV).

Capítulo IV.- Organización

Artigo 8.- Persoal

No desenvolvemento da prestación deste servizo intervirán:

- Traballador/a social de atención primaria.

- Auxiliares de axuda no fogar.

- Outros profesionais e persoal voluntario.

Encoméndanselle-las seguintes funcións e tarefas ós distintos grupos de profesionais.

1.- Traballador/a social: desempeñará un labor de carácter técnico (diagnóstico, seguimento, avaliación) en coordinación cos profesionais do equipo ou en colaboración cos outros servizos ou programas que pertencen a estes servizos sociais ou a outros de protección social.

É o profesional encargado de recibir a demanda ou detectar a necesidade, fará o estudo de valoración da situación presentada, deseñará o proxecto de intervención axeitado a esta e será o responsable do seguimento e avaliación do proxecto.

En relación coas funcións concretas que se teñan que desempeñar serán as que, para tales efectos, dispón nos artigos 5 e 6 da Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais do 22 de xullo de 1996.

2.- Auxiliares de axuda no fogar: son os profesionais que se encargarán da execución do servizo ou prestación. Realizarán tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto periódico e directo cos usuarios do servizo, a súa familia e o seu contorno.

A súas funcións concretas serán:

1.- Asistenciais: atencións de carácter persoal e doméstico.

2.- Orientacións en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

3.- Educativas: potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poidan realizar por si mesmos e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.

4.- Colaborar co/a traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas serán as necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo.

Este persoal será formado especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo un sistema de reunións periódicas de avaliación e formación nas que se lles vaian dando resposta a problemas concretos que presente o servizo.

3.- Outros profesionais: coordinados co/ca traballador/a social, tales como educador/a familiar ... e profesionais doutros servizos que colaboren co SAF, son susceptibles de implicación no programa.

Nas funcións que, en rigor, corresponden ó campo sanitario tales como curas persoais, inxeccións, sondaxes, ... todas as referentes á saúde, será preciso unha estreita colaboración, coordinando o SAF cos servizos sociosanitarios de coidados a domicilio desde o centro de saúde, hospital ou servizos sanitarios correspondentes.

- Voluntarios: son aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativa de remuneración complementando de forma coordinada, as funcións e tarefas do persoal profesional anteriormente mencionado e sempre dentro do correspondente programa de intervención.

Dado o seu carácter de relación interpersoal, de diversidade, de flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeña-los voluntarios serán as de compañía, fomento de relacións e comunicación, ocupación do tempo libre, tanto dentro como fóra do fogar, e outras que contribúan ó fomento da autoestima.

Artigo 9.- Funcionamento

- A prestación do SAF será supervisada polos técnicos responsables coa periodicidade que considere pertinente, facendo un seguimento individual de cada caso atendido e considerando a necesidade de mantelo, amplialo ou suprimilo. Ó dito técnico correspóndelle a coordinación e supervisión dos/das auxiliares de axuda no fogar, establecendo reunións de traballo nas que se revisará a evolución dos casos e as pautas seguidas polos traballadores, coa finalidade de mellora-la calidade do servizo.

- Os servizos prestaranse ó longo de todo o ano de luns a venres, quedando excluídos días festivos e horario nocturno.

- O tempo de atención individual, que en todo caso estará condicionado á dispoñibilidade de recursos do servizo, será como máximo de dúas horas diarias, e virá determinado pola necesidade que se xustifique en cada solicitude (segundo criterio profesional do responsable técnico do servizo) podendo ser modificado en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais ou familiares e na dispoñibilidade de medios do servizo.

- No caso de que o non conte co persoal suficiente para atender tódalas demandas susceptibles de recibilo, elaborárase unha lista de espera na que cada solicitude ocupará un lugar determinado pola puntuación obtida na valoración, segundo o baremo deste regulamento. No suposto de solicitudes con igual puntuación valorárase a data de presentación desta.

- Incorporáranse á lista de espera as vacantes temporais que se produzan nos casos de suspensión provisional do servizo a algún usuario, para a súa concesión provisional, polo tempo que dure a suspensión trala aceptación do posible beneficiario.

- Cando por calquera circunstancia fose necesario realizar un cambio de horario na prestación do servizo ou unha substitución temporal do/da auxiliar de axuda a domicilio, poderase efectuar así sen necesidade de mediación do beneficiario, bastando para iso a comunicación previa a dito beneficiario, seguindo en vigor o contrato asinado.

- Se algún usuario rexeita o/a auxiliar de axuda a domicilio sen causa suficientemente xustificada, pasará a lista de espera ata que outro/a auxiliar o poida atender.

- No caso de baixa ou vacacións da auxiliar, a súa substitución quedará condicionada á dispoñibilidade do servizo.

Capítulo V.- Dos dereitos e deberes

Artigo 10.- Dos beneficiarios

- Queda na obriga de comunica-las modificacións que se produzan en relación ó dereito que teña de recibir esta prestación, así como calquera cambio de domicilio, teléfono ou outro dato da súa situación económica e/ou familiar de interese en relación coa axuda recibida.

- Non poderán realizar cambios de horario, tarefas, etc., sen a autorización do técnico responsable.
- O trato cara ó persoal do SAF debe ser de respecto e tamén se facilitará a colaboración necesaria para a execución das tarefas asignadas en cada caso.
- O usuario comprométese ademais a que realice o seguimento e control do desenvolvemento do servizo o equipo técnico de servizos sociais do Concello.
- O usuario correrá cos gastos de material de limpeza, aseo, alimentación, só nos casos especiais, detectados polo técnico responsable, valorarase a posibilidade dunha axuda económica para este concepto.
- Non facer preguntas ó persoal do SAF sobre datos persoais nin realizar comentarios con terceiros sobre aspectos que coñezan da súa vida privada.
- Os contactos co/a auxiliar de axuda no fogar, referidos ó propio servizo fóra do horario laboral deben realizarse sempre a través do responsable do servizo.
- Se rexeita a auxiliar que se lle asigne, sen razón debidamente xustificada, pasará á lista de espera ata que outra auxiliar (se a houbese) o poida atender.
- O usuario debe permanecer no domicilio mentres se lle presta o servizo.

Artigo 11.- Do persoal

- O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario e a súa familia interfira no traballo.
- Respecta-la intimidade do usuario e garda-la debida confidencialidade.
- O/a auxiliar non debe facer partícipe ós usuarios e a familia deste, dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.
- O/a auxiliar non debe facer traballos a outros membros familiares distintos dos beneficiarios; aínda que convivan na mesma casa. Se se trata de persoas maiores ou incapacitadas, estudarase o caso dende o departamento de servizos sociais.
- Non se poderá acudir ó lugar de traballo acompañados de persoas alleas ó servizo.
- Non se poderá recibir en custodia cartos, xoias nin obxectos.
- Non se permite recibir ningún tipo de bonificación/prestación por parte do usuario.
- Non se disporá das chaves de ningún domicilio, excepto cando as condicións do caso así o esixan e sempre co consentimento do responsable técnico do servizo, por suposto, a demanda do usuario.
- No caso de ausencia o/a auxiliar deberá comunicalo con antelación, trala autorización do/da concelleira ou xefe de persoal, ó usuario e ó responsable do servizo.

Capítulo VI.- Da modificación, concesión e suspensión provisional, extinción do servizo.

Artigo 12.- Modificacións

O tempo de atención ó beneficiario poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais ou familiares e pola dispoñibilidade de medios do propio servizo.

A proposta de modificación realizarase despois dun estudio e a análise da situación por parte do/da técnico/ca responsable do servizo.

Artigo 13.- Concesión provisional

Poderase conceder provisionalmente o servizo nos seguintes supostos, e sempre que existan vacantes:

- Con carácter preferente ós beneficiarios en situacións excepcionais graves.
- Ós beneficiarios que se atopen en lista de espera.

Artigo 14.- Suspensión provisional

Producirase nos seguintes supostos:

- Ausencia do beneficiario do seu domicilio por vacacións, viaxes, participación en programas de termalismo social, internamento en centros sanitarios ... por tempo inferior a tres meses.
- Por necesidade do servizo. Se fose necesario amplia-lo número de beneficiarios e se consideran prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria, económica do beneficiario.
- Por asumir temporalmente a familia, a atención do usuario (período de vacacións, estancias temporais ...) sempre e cando non superen os tres meses.

Artigo 15.- Causas de extinción

- Renuncia do usuario (neste caso deberá asina-lo cesamento quedando desde ese momento invalidada a vinculación entre o beneficiario e o Concello).
- Baixa no padrón de habitantes.
- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.
- Acollemento familiar.
- Falta de colaboración da persoa ou familia atendida para poder levar a cabo a tarefas propostas.

- Trato inadecuado do usuario ó/á auxiliar así como ó persoal do servizo.
- Incumprimento das condicións establecidas no contrato para a prestación do servizo, así como incumprimento das normas que regulan a dita prestación.
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- Utilización do servizo para fins diferentes ós propios de axuda no fogar, por parte do beneficiario.
- Cando o beneficiario ou a familia oculten datos económicos ou de outra índole para acceder ó servizo.
- Ausencia do beneficiario do domicilio sen causa xustificada por un período superior a tres meses salvo no caso de ingreso hospitalario.
- Cando a familia ou alguén asuma totalmente a atención do beneficiario.
- Por falecemento do usuario.
- Cando o Concello deixe de presta-lo servizo ben por falta de medios, ben por ser asumido por outra administración ou entidade de iniciativa social.
- Servizo suxeito a subvención que, no caso de non ser concedida, poderá comporta-la súa supresión.

Capítulo VII.- Establecemento de baremos

Artigo 16.- Baremo para a selección dos usuarios

Para a estimación das condicións de necesidades de acceso ó servizo (SAF) teranse en conta criterios diferenciados en función da posible poboación destinataria do dito servizo, así como a problemática presentada. Prevense dúas situacións susceptibles de valoración.

1. Situacións de déficit de autonomía (persoas con problemas de autonomía persoal).
2. Situacións de desaxustes familiares ou conflitos psico-sociais.

1.- Situacións de déficit de autonomía persoal.

(Puntuación máxima 138 puntos)

Estas situacións estimaranse conforme ó seguinte baremo:

Valorarase a capacidade da persoa para realizar certas actividades da vida diaria.

Teranse en conta os aspectos que sinalan a continuación da seguinte forma:

Normalmente = 0 puntos.

Con dificultade = 2 puntos.

Non pode = 5 puntos.

- Pode limpar e frega-la casa.
- Pode lavar, tender e pasa-lo ferro.
- Pode cociñar e frega-los pratos.
- Pode erguerse, deitarse na cama, cadeira ou cadeira de brazos.
- Pode vestirse e espirse.
- Pode asearse e bañarse.
- Pode andar só/soa.
- Pode comer só/soa.
- Posúe control de esfínteres.
- Posúe orientación temporal e espacial.
- Posúe actitude coherente.
- Sen alteracións psíquicas.
- Pode realizar compras nas tendas do barrio.
- Pode realizar xestións (médicos, bancos ...).
- Pode subir escaleiras.
- Permanece encamada/o (non, con frecuencia, si).

Situación familiar: (Puntuación máxima 10 puntos).

(10 puntos): vive só/soa e carece de familiares.

(9 puntos): convive con persoas sen capacidade para atendelo/a.

(3 puntos): maiores de 65 anos.

(3 puntos): minusválidos ou enfermos.

(1 punto): carencia de tempo.

(2 puntos): incapacidade para organizarse.

(5 puntos): vive só/soa pero hai familiares (fillos ou netos) con posibilidade de atendelos no mesmo Concello ou a menos de 20 km.

(5 puntos): os familiares néganse a atendelo aínda que teñan posibilidades.

(1-0 puntos): outros, ¿cales?

Situación social. (Puntuación máxima 18 puntos).

Valoraranse as condicións da vivenda, así como o contorno da persoa.

A Vivenda. 1 punto por cada ítem ata un máximo de 12 puntos.

- Non ten luz eléctrica.
- Non ten auga corrente.
- Non posúe WC
- Non posúe cuarto de baño completo.
- Non ten neveira.
- Non ten quentador.
- Non ten lavadora.
- Estrutura en moi mal estado.
- Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade.
- Posúe barreiras arquitectónicas.
- A superficie mínima da vivenda é insuficiente (15 m² por persoa).
- Vivenda illada do núcleo onde se localizan os servizos básicos.

B. Contorno. (Puntuación máxima 6 puntos).

(1 punto).- Ten solicitado internamento.

(2 puntos).- Debe ingresar nun centro pero non quere.

(3 puntos).- Non ten posibilidade de ingreso pero necesítalo.

(3 puntos).- Situación de illamento.

Situación económica. (Puntuación máxima 30 puntos).

Para valora-la situación económica do núcleo de convivencia teranse en conta tódolos ingresos deste. Considerarase como tales:

- Ingresos por salarios, pensións, prestacións do INEM ...
- Xuros bancarios cando superen as 60.000 pesetas anuais, así como rendementos de capital mobiliario.
- Ingresos en metálico por calquera outro concepto (rendas de aluguer, doazóns, etc.).
- Aqueles bens mobles e inmoables sobre os que se posúa calquera clase de dereito, que polas súas características (valoración, posibilidade de explotación ou venda) indiquen a existencia de medios suficientes (aplicarase o 2% do valor catastral). Exceptuarase a vivenda propia.

* Descontarase á suma total dos ingresos o importe do aluguer da vivenda (sempre que sexa de uso habitual) así como os gastos de amortización da hipoteca dela e os gastos dun servizo doméstico complementario, sempre que sexa estritamente necesario. Co resultado desta operación farase unha media mensual (renda base) e coa aplicación da táboa 1 obterase a puntuación deste apartado.

* Nas unidades de convivencia nas que as relacións sexan moi conflitivas, só se terá en conta a situación económica do solicitante.

* A situación económica terase máis en conta para aboar por parte do beneficiario a taxa pola prestación do servizo, que para o acceso a este; salvo que o dito acceso fose en prexuízo doutros beneficiarios con inferiores medios económicos e coa mesma ou similar necesidade de autonomía persoal ou factores socio-familiares.

Táboa 1: para avaliar a situación económica

1 persoa, 2 persoas, 3 persoas, 4 persoas, 5 ou máis

Renda base inf. ó 60% SMI, 25, 29, 30, 30, 30

Renda base entre o 60 ó 70%, 23, 26, 28, 29, 30.

Renda base entre o 70 ó 80%, 19, 23, 26, 27, 28

Renda base entre o 80 ó 90%, 16, 20, 23, 25, 26

Renda base entre o 90 ó 100%, 13, 17, 21, 22, 24

Renda base entre o 100 ó 110%, 10, 14, 18, 20, 22

Renda base entre o 110 ó 120%, 6, 11, 15, 18, 20

Renda base entre o 120 ó 130%, 3, 9, 13, 16, 18

Renda base entre o 130 ó 140%, 0, 8, 10, 13, 16

Renda base entre o 140 ó 150%, 0, 3, 8, 11, 14

Renda base entre o 150 ó 160%, 0, 0, 5, 9, 12

Renda base entre o 160 ó 170%, 0, 0, 2, 7, 10

Renda base entre o 170 ó 180%, 0, 0, 0, 4, 8

Renda base entre o 180 ó 190%, 0, 0, 0, 2, 6

Renda base entre o 190 ó 200%, 0, 0, 0, 0, 4

Renda base entre o 200 ó 210%, 0, 0, 0, 0, 2

Estimación técnica

Será realizada polo/a técnico/a responsable do SAF sobre a conveniencia ou necesidade da prestación do servizo.

2.- Situacións de desaxustes familiares ou conflitos psico-sociais (puntuación máxima 138 puntos).

Estas situacións valoraranse en función do seguinte baremo:

Situación familiar:

A. Familias con menores a cargo. (Puntuación máxima 90 puntos).

(85 puntos).- Familias con máis dun membro xerador de conflito.

(80 puntos).- Familias cun membro xerador de conflito.

(75 puntos).- Familias en que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións intelectuais para a axeitada atención dos menores.

(70 puntos).- Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada ...) non poden atender ós menores.

(65 puntos).- Familias que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada ...) non poden atender ós menores.

(60 puntos).- Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, de aseo persoal, administración do orzamento, ausencia de roles, organización, ...).

* A puntuación anterior incrementarase 1 punto por cada menor, ata un máximo de 5 puntos para familias con 5 ou máis menores ó cargo.

B. Familias sen menores a cargo. (Puntuación máxima 60 puntos).

(60 puntos).- Familias con máis dun membro xerador de conflito (alcoholismo, toxicomanía, enfermidade mental ...)

(55 puntos).- Familias cun membro xerador de conflito.

(50 puntos).- Persoas carentes da formación necesaria para o axeitado desempeño das actividades cotiás básicas.

Situación social. (Puntuación máxima 18 puntos).

A. Vivenda. (Empregaranse os mesmos criterios que para a situación 1).

B: Contorno (puntuación máxima 6 puntos).

(2 puntos).- malas relacións veciñais.

(2 puntos).- relacións conflitivas ou nulas coas institucións.

(2 puntos).- situación de illamento.

Situación económica (puntuación máxima 30 puntos).

(Empregaranse os mesmos baremos que para a situación 1).

Estimación técnica:

Será realizada pola/o técnico/a responsable do SAF sobre a conveniencia ou necesidade da prestación do servizo.

Capítulo VIII: do financiamento.

Artigo 17.- Financiamento.

O Servizo de Axuda no Fogar financiarase coas subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia, e doutras Institucións e coa achega do Concello e dos usuarios que segundo o seu nivel de renda, o teñan que pagar.

Anexo I

Solicitud do servizo de axuda no fogar

N.º solicitud

Data

Datos do beneficiario:

Apelidos e nome ...

DNI. ... data de nacemento ...

Tfno. ... enderezo ...

Estado civil ... n.º asistencia sanitaria ...

Representante legal ou gardador de feito:

Apelidos e nome ...

DNI. ... data de nacemento ...

Tfno. ... enderezo ...

Estado civil ... N.º asistencia sanitaria ...

Solicito:

Vista a orde reguladora deste Concello en materia de "servizo de axuda no fogar", solicito a Vde. que me sexa admitida a trámite esta solicitude para ser beneficiario/a deste servizo, xunto coa documentación que achego a continuación.

O Barco de Valdeorras, ... de ... de 200...

Asdo. (sinatura do solicitante ou representante).

Sr. alcalde do concello do Barco de Valdeorras.

Anexo II

Informe médico

Emitido polo/a Dr./Dra.:

Colexiado/a n.º ... médico/a de D./dona. ...

Relativo a ...

¿Padece enfermidade infecto-contaxiosa? Si Non

En caso afirmativo indique cal: ...

¿Atópase inmobilizado e necesita atención continua? Si Non

¿Presenta trastornos psíquicos que poidan altera-la convivencia? Si Non

Situación física, leve, importante, total/severa

visuais e/ou auditivas

Incontinencia

Dificultade manexo extremidades superiores

Dificultade manexo extremidades inferiores

Trastornos respiratorios

Trastornos cardíacos

Outros

Situación psíquica, leve, importante, total/severa

Desorientación tempo-espacial

Alteracións da percepción

Incoherencia na comunicación

Descontrol emocional

Trastornos da memoria

Trastornos da conduta

Outros

Válese por si mesmo para a realización de actividades da vida cotiá, Si Non

En caso negativo, apunta-las que presentan maior dificultade:

...

Xuízo diagnóstico: (tratamento, dietas alimenticias e atencións que necesita):

...

Observacións: ...

O Barco de Valdeorras, ... de ... de 200.

Sinatura do/da facultativo/a

Anexo III

Contrato do SAF

De acordo coa resolución da Alcaldía de data ... e en relación coa solicitude do servizo de axuda no fogar na data

Reunidos:

En presenza da traballadora social, responsable do SAF no Concello do Barco, por unha parte D./D.^a... maior de idade, con DNI n.º ... e con enderezo ... beneficiario do SAF.

E por outra parte D.D.^a ... maior de idade, con DNI n.º ... e con enderezo ... auxiliar de axuda no fogar.

Acordan e aceptan:

As normas de funcionamento do SAF así como que:

D./D.^a ... recibirá o SAF os días ... en horario de ..., e consistirá en ... e que serán prestados por D./D.^a ...

O Barco de Valdeorras, ... de ... de 200.

Beneficiario/a. Auxiliar de axuda no fogar. Técnico/a